

Resolución do 5 de xuño de 2017 pola que se designa o órgano estatístico sectorial da Axencia Turismo de Galicia.

O Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, regula os órganos estatísticos sectoriais da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e o procedemento para a súa designación. O seu artigo 2.1 establece que este órgano poderá estar integrado por unha ou varias unidades administrativas que se designaran por resolución da persoa titular do departamento no que se integre organicamente. No suposto de tratarse dun organismo ou ente publico, a resolución ditarase polo seu director ou directora.

Por Resolución da directora da Axencia Turismo de Galicia, do 2 de xaneiro de 2014, designouse o órgano estatístico sectorial da Axencia Turismo de Galicia.

De conformidade co disposto no parágrafo 4 do citado artigo 2 do Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, a modificación ou supresión dos órganos estatísticos deberán seguir o mesmo procedemento que o establecido para a súa designación.

A raíz do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 15 de xullo de 2015 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Axencia Turismo de Galicia, publicada por Resolución de 16 de xullo de 2015 (DOG núm. 138, do 23 de xullo de 2015) cómpre modificar a designación existente do órgano estatístico sectorial desta Axencia.

De conformidade co disposto no artigo 19.4. r) do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e no Decreto 24/2008, do 21 de febreiro,

RESOLVO

1. Modificar o órgano estatístico sectorial da Axencia Turismo de Galicia, que estará integrado pola unidade administrativa que se detalla a continuación:


a) Postos de traballo:

- Xefatura da Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.
- Especialista en elaboración e difusión da información estatística, dependente da Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.

- Especialista en técnicas de análisis estadístico, dependente da Área de Estudios e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.
 - Especialista en medición do turismo e o seu impacto na economía, dependente da Área de Estudios e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.
 - Especialista en interpretación de estatísticas turísticas e análise de tendencias, dependente da Área de Estudios e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.
- b) Coordinador ou coordinadora: a persoa titular da Xefatura da Área de Estudios e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.
- c) Localización física: A Barcia. Estrada Santiago-Noia Km.1 - 15896 Santiago.
2. Para os efectos do rexistro ao que se refire o artigo 3 do Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, a Axencia Turismo de Galicia comunicaralle ao Instituto Galego de Estatística os datos relativos a identidade da persoa que, en cada momento, ocupe os posto de traballo que se identifica na liña b) do punto primeiro, que se nomeará seguindo os procedementos de provisión establecidos na normativa vixente en materia de función pública.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017

A directora de Turismo de Galicia



Mª Nava Castro Domínguez

